



**Expediente número: PLN/2017/10**

**Sesión Extraordinaria 11/2017 celebrada polo Pleno do  
Concello o día 10 de outubro de 2017**

**ORDE DO DÍA**

- 1.- Aprobación da Conta Xeral correspondente ano ano 2016**
- 2.- Aprobación do Expediente de Modificación de Crédito  
23/2017.TC11/2017**

No Salón de Plenos da Casa do Concello, sendo as oito horas e trinta e cinco minutos do 10 de outubro de 2017 coa presidencia do alcalde, Javier Bas Corugeira, e a asistencia dos/as seguintes concelleiros/as:

**GPM PP**

Arturo González Barbeiro  
María José Barciela Barros  
María Teresa París Blanco  
María del Carmen Amoedo Dasilva  
Ángela Antón Pazos  
Jesús Crespo López  
Julio César Mougán Vázquez  
Miguel Ángel Álvarez Ballesteros

**GPM PSOE**

Mauro Álvarez Castro  
Ana Isabel Rey Gómez  
Eduardo José Reguera Ocampo  
Isaac Borja Araujo Figueroa  
Leonardo Cabaleiro Couñago  
Digna Rosa Rivas Gómez

**GPM AER**

Xosé Covelo Míguez  
Noé Cano Correa  
José Roberto Darriba Ferradás  
Javier Bastos Devesa

**GPM BNG**

Xoán Carlos González Campo

Asiste o interventor do concello, Ángel Santamariña Rivera; e actúa como secretaria, a secretaria xeral do concello, Nuria Lobato Del Río, que da fe do acto.

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

**INCIDENCIAS**

Con carácter previo ao tratamento dos asuntos incluídos na Orde do Día, a Corporación garda un minuto de silencio en lembranza das vítimas da violencia de xénero e das vítimas da violencia contra a infancia.

**ASUNTOS DA ORDE DO DIA:****1. APROBACIÓN DA CONTA XERAL CORRESPONDENTE AO ANO 2016.****ANTECEDENTES:**

Expediente relativo á Conta Xeral do Concello de Redondela do ano 2016 co seguinte resumo:

**ANEXO****CONTA XERAL DO CONCELLO**

A) BALANCE DE SITUACIÓN: Que expresa a composición e situación patrimonial da entidade o día do peche do exercicio; resulta cun total (ACTIVO e PASIVO) de: 54.022.473,69 euros.

B) CONTA DE RESULTADOS: Que recolle os resultados do exercicio dende o punto de vista económico-patrimonial. Produciuse un aforro de 2.376.055,08 € (mais ingresos que gastos), clasificándoos segundo a súa



fonte de procedencia nas seguintes apartados:

INGRESOS DE XESTIÓN ORDINARIA: 17.322.354,39 €

1) INGRESOS TRIBUTARIOS E URBANÍSTICOS: Está formado polos ingresos de impostos (7.301.217,07 €), taxas (1.806.699,18 €), contribucións especiais e ingresos urbanísticos, estes últimos dous sen contía. A cantidade total ascende a 9.107.916,25 €.

2) TRANSFERENCIAS E SUBVENCÍONS RECIBIDAS: Recolle os fluxos reais que se produzan durante o exercicio como consecuencia das subvencións e transferencias concedidas ó Concello, distinguindo as do exercicio (recibidas para financiar gastos do exercicio -1.236.892,29 €-, transferencias -6.777.464,54 €-, e as recibidas para cancelación de pasivos que non supoñan financiamento específico dun elemento patrimonial, sen movemento), as de imputación de subvencións para o inmovilizado non financeiro (91.951,73 €). Como o último apartado, imputación de subvencións para activos correntes e outras non ten movemento, a cantidade total deste apartado ascende a 8.107.808,56 €.

3) VENDAS E PRESTACIONES DE SERVICIOS: Destínase a recolle-los fluxos reais producidos durante o exercicio como consecuencia das vendas, da prestación de servizos e da imputación de ingresos por activos construídos ou adquiridos para outras entidades, non tendo movemento nin o primeiro nin o terceiro apartado, supondo deste xeito, a cantidade de 0 €.

4) VARIACIÓN DE EXISTENCIAS DE PRODUCTOS TERMINADOS



E EN CURSO DE FABRICACIÓN E DETERIORO DO VALOR: sen movemento.

5) TRABALLOS REALIZADOS POLA ENTIDADE PARA O SEU INMOBILIZADO: sen movemento.

6) OUTROS INGRESOS DE XESTIÓN ORDINARIA: Está formado polos ingresos por arrendamentos e outros ingresos. A cantidade global ascende a 106.629,58 €

7) EXCESOS DE PROVISIÓNS: sen movemento.

GASTOS DE XESTIÓN ORDINARIA: 14.392.981,73 €

8) GASTOS DE PERSOAL: Recolle os fluxos reais producidos durante o exercicio como consecuencia de gastos de persoal (6.029.567,79 €) e da seguridade social a cargo da empresa (220.360,87 €),

9) TRANSFERENCIAS E SUBVENCIONES CONCEDIDAS: Recolle os fluxos reais que se produzan durante o exercicio como consecuencia das subvencions e transferencias outorgadas polo Concello, tanto as correntes (1.127.185,60 €) coma as de capital (0,00 €), e da un resultado de 1.127.185,60 €.

10) APROVISIONAMENTOS: Destínase a recolle-los fluxos reais producidos durante o exercicio como consecuencia da consumo de bens e outro materiais, así como o deterioro de materias primas e outros aprovisionamentos. O seu importe ascendeu a 0,00 €.



11) OUTROS GASTOS DE XESTIÓN ORDINARIA: neste apartado recóllense os subministros e servizos exteriores (6.820.283,69 €), tributos (14.784,14 €) e outros (0 €).

O importe final ascende a 6.835.067,83 €.

12) AMORTIZACIÓN DO INMOBILIZADO: ascende a cantidade a 180.799,64 €.

RESULTADO DAS OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS: 26.287,63 €

13) DETERIORO DE VALOR E RESULTADOS POR ENAXENACIÓN DO INMOBILIZADO NON FINANCEIRO E ACTIVOS EN ESTADO DE VENDA: sen movemento nos seus tres apartados.

14) OUTRAS PARTIDAS NON ORDINARIAS: que se dividen en ingresos (26.287,63 €) e en gastos (0 €).

RESULTADOS DAS OPERACIÓNS FINANCEIRAS:

15) INGRESOS FINANCEIROS: presentado movemento so en valores representativos de débeda, de créditos e de outros investimentos financeiros (120.485,94 €).

16) GASTOS FINANCEIROS: que se divide nos realizados en entidades do grupo, multigrupo e asociadas e outros (78.937,96 €).



17) GASTOS FINANCEIROS IMPUTADOS Ó ACTIVO: sen movemento.

18) VARIACIÓN DO VALOR RAZONABLE EN ACTIVOS E PASIVOS FINANCEIROS: sen movemento.

19) DIFERENCIAS DE CAMBIO: sen movemento.

20) DETERIORO DE VALOR, BAIXAS E ENAXENACIÓNS DE ACTIVOS E PASIVOS FINANCEIROS: que se divide en entidades do grupo, multigrupo e asociadas e outros (621.144,19 €).

21) SUBVENCÍONS PARA O FINANCIAMENTO DE OPERACIÓNS FINANCEIRAS: sen movemento.

C) ESTADO DE CAMBIOS NO PATRIMONIO NETO: informa da contía e composición do patrimonio neto da entidade e das causas ou motivos da súa variación. Consta de tres partes: 1) Estado total de cambios no patrimonio neto, 2) Estado de ingresos e gastos recoñecidos e 3) Estado de operacións coa entidade ou entidades propietarias.

D) ESTADO DE FLUXO DE EFECTIVOS: informa da orixe e destino dos movementos habidos nas partidas monetarias de activo representativas de efectivo e outros activos líquidos equivalentes, e indica a variación neta sufrida polas mesmas no exercicio

E) LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO: Conforme ó establecido na IC estrutúrase nas seguintes partes contemplándoas cos pertinentes resumos xerais:

PRIMEIRA PARTE:

LIQUIDACIÓN DO ESTADO DE GASTOS: Que recolle o total dos créditos



orçamentarios (21.320.274,10 euros), expresando os créditos iniciais (18.503.389,06 euros) e a suma das modificacións de crédito (2.816.885,04 euros); os gastos comprometidos (17.837.334,18 euros); o total das obrigacións recoñecidas netas (17.027.057,21 € euros); os pagos (16.815.564,85 euros); as obrigas pendentes a 31 de decembro (2.503.184,17 €) e o total dos remanentes de crédito (4.293.216,89 euros).

A información preséntase a nivel da bolsa de vinculación xurídica e de aplicación orçamentaria.

#### SEGUNDA PARTE:

LIQUIDACIÓN DO ESTADO DE INGRESOS: Que presenta o importe das previsións definitivas (21.320.274,10 euros), distinguindo entre previsións iniciais (18.503.389,06 euros) e modificacións (2.816.885,04 euros), o total dos dereitos recoñecidos (18.741.892,12 euros); dereitos anulados (660.455,13 euros); dereitos cancelados; o total dos dereitos recoñecidos netos (18.081.436,99 euros); a recadación neta (15.524.052,58 euros); os dereitos pendentes de cobro a 31 de decembro (2.557.384,41 euros), así como as comparacións entre ambos por defecto e por exceso (-3.238.837,11 euros).

#### TERCEIRA PARTE:

RESULTADO ORZAMENTARIO: Pon de manifesto o obtido durante o exercicio por diferenza entre os dereitos recoñecidos netos e as obrigacións recoñecidas netas, axustado polas desviacións positivas de financiamento imputables ó exercicio e polos gastos financiados con remanente líquido de tesourería, e dá un resultado orçamentario axustado positivo de 1.024.294,05 euros, de acordo co seguinte:



## RESULTADO ORZAMENTARIO

CONCEPTOS	DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	AXUSTES	RESULTADO ORZAMENTARIO
a) Operacións correntes	16.864.210,21	14.330.405,47		2.533.804,74
b) Outras operacións non financeiras	1.121.243,41	1.649.954,13		-528.710,72
1. Total operacións non financeiras (a+b)	17.985.453,62	15.980.359,60		2.005.094,02
c) Activos financeiros	9.600	9.600		0
d) Pasivos financeiros	86.383,37	1.037.097,61		-950.714,24
2. Total operacións financeiras	95983,37	1.046.697,61		-950.714,24
I. RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO (1+2)	18.081.436,99	17.027.057,21		1.054.379,78
3. Créditos gastados financiados con RTGG			93.613,15	
4. Desviacións de financiamento negativas do exercicio			1.062.098,77	
5. Desviacións de financiamento positivas do exercicio			1.185.797,65	
II. Total axustes (3+4-5)			-30.085,73	
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO (I+II)				1024294,05

F) MEMORIA DA CONTA XERAL: Que segundo a IC recolle:

1º) ORGANIZACIÓN E ACTIVIDADE: Que presenta un resumo da organización do Concello, coa poboación e outros datos de carácter socioeconómico que contribúen a identificación da entidade, norma de creación da entidade, actividade principal da entidade, o seu réxime xurídico, económico-financeiro e de contratación, a descrición das principais fontes de financiamento da entidade, a consideración fiscal da entidade a efectos do imposto de sociedades e, no seu caso, operacións suxeitas o IVE e porcentaxe de prorrata, a estrutura organizativa nos seus niveis político e administrativo, o número medio de empregados durante o exercicio e a 31 de decembro, tanto funcionarios como persoal laboral,





distinguindo por categorías e sexos as entidades das que dependen, identificación, no seu caso, da entidade ou entidades propietarias e porcentaxe de participación destas no patrimonio da entidade contable e identificación, no seu caso, das entidades do grupo, multigrupo e asociadas das que forme parte a entidade contable, indicando a súa actividade, así como a porcentaxe no capital social ou patrimonio de cada unha delas, entidades dependentes, entidades públicas participadas, fundacións das que forman parte do seu padroado.

2º) XESTIÓN INDIRECTA DOS SERVIZOS PÚBLICOS, CONVENIOS E OUTRAS FORMAS DE COLABORACIÓN: presenta catro apartados:

Xestión indirecta dos servizos públicos: Que detalla os servizos que se prestan de forma indirecta e que no ano 2016 foron o servizo de explotación dun aparcamento de vehículos automóbiles, o servizo de xestión de recollida e tratamento dos residuos sólidos urbáns, servizo de xestión do servizo público “piscina climatizada de Redondela”, o servizo de xestión do servizo público “centro de deportes acuáticos de Chapela” e o servizo de auga e saneamento. Especificase o seu obxecto, forma de xestión, prazos, Subvencións comprometidas, Bens de dominio público afectos, Achegas non monetarias, Anticipos reintegrables, data de contratación, e Bens obxecto de reversión.

Convenios: obxecto e prazo das transferencias e subvencións comprometidas.

Actividades conxuntas que non requiran a constitución dunha nova entidade e que non estean contempladas nas notas anteriores



Outras formas de colaboración público-privadas.

3º) BASES DE PRESENTACIÓN DAS CONTAS: recóllense os principios contables, a comparación da información, as razóns e incidencias nas contas anuais dos cambios de criterios de contabilización e a información sobre cambios en estimacións contables cando sexan significativos.

4º) NORMAS DE VALORACIÓN: respecto a diferentes elementos do balance.

5º) INMOBILIZADO MATERIAL: Recolle o saldo inicial, as entradas ou dotacións, aumentos por transferencia ou traspaso doutra conta, Saídas, baixas ou reducións, diminucións por transferencia ou traspaso doutra conta, corrección de valor, amortización do exercicio e Saldo final.

6º) PATRIMONIO PÚBLICO DO SOLO: Recolle o saldo inicial, as entradas ou dotacións, aumentos por transferencia ou traspaso doutra conta, Saídas, baixas ou reducións, diminucións por transferencia ou traspaso doutra conta, corrección de valor, amortización do exercicio e Saldo final. Non hai movemento.

7º) INVESTIMENTOS INMOBILIARIOS: Recolle o saldo inicial, as entradas ou dotacións, aumentos por transferencia ou traspaso doutra conta, Saídas, baixas ou reducións, diminucións por transferencia ou traspaso doutra conta, corrección de valor, amortización do exercicio e Saldo final. Non hai movemento.

8º) INMOBILIZADO INTANXIBLE: Recolle o saldo inicial, as entradas ou dotacións, aumentos por transferencia ou traspaso doutra conta, Saídas, baixas ou reducións, diminucións por transferencia ou traspaso doutra conta, corrección de valor, amortización do exercicio e Saldo final.



9º) ARRENDAMENTOS FINANCEIROS E OUTRAS OPERACIÓNS DE NATUREZA SIMILAR: Recolle a clase de activo, o importe de recoñecemento inicial, a súa valoración, a opción de compra, acordos significativos e natureza dos activos. Non hai movemento.

10º) ACTIVOS FINANCEIROS: Recolle información relacionada co balance, información relacionada coa conta do resultado económico-patrimonial, información sobre os riscos de tipo de cambio e de tipo de xuros e outra información.

11º) PASIVOS FINANCEIROS: Recolle situación e movementos das débedas, liñas de crédito, información sobre os riscos de tipo de cambio e de tipo de xuros, avais e outras garantías concedidas, e outra información.

12º) COBERTURAS CONTABLES: sen información.

13º) ACTIVOS CONSTRUÍDOS OU ADQUIRIDOS PARA OUTRAS ENTIDADES E OUTRAS EXISTENCIAS: A nivel de partida de balance se informará sobre circunstancias que motivaron correccións valorativas ou a súa reversión, o importe de custes capitalizados, as limitacións da dispoñibilidade e calquera outra circunstancia de carácter sustantivo que afecte a titularidade, valoración ou dispoñibilidade dos activos. Sen operacións.

14º) MOEDA ESTRANXEIRA: A nivel de partida de balance se informará dos elementos do activo e pasivo denominados en moeda estranxeira e o importe das diferencias de cambio recoñecidas no exercicio.

15º) TRANSFERENCIAS, SUBVENCIÓNS E OUTROS INGRESOS E GASTOS: Recolle o importe e características das transferencias e subvencións recibidas, cuxo importe sexa significativo, así como sobre o



cumprimento o incumprimento das condicións impostas para a percepción e disfrute das subvencións, o criterio de imputación a resultados e os importes imputados e importe e características das transferencias e subvencións concedidas, cuxo

importe sexa significativo.

16º) PROVISIÓNS E CONTINXENCIAS: sen operacións.

17º) INFORMACIÓN SOBRE MEDIOAMBIENTE: Recóllese por un lado as obrigas recoñecidas no exercicio con cargo a cada grupo de programas da política de gasto 17, "Medio Ambiente" e o importe dos beneficios fiscais por razóns medioambientais que afecten ós tributos propios.

18º) ACTIVOS EN ESTADO DE VENDA: descrición detallada dos activos en estado de venda cando o seu importe sexa significativo. Sen operacións.

19º) PRESENTACIÓN POR ACTIVIDADES DA CONTA DO RESULTADO ECONÓMICO PATRIMONIAL: clasifica os gastos económicos incluídos na mesma por actividades cumprindo as normas recollidas no plan.

20º) OPERACIÓNS POR ADMINISTRACIÓN DE RECURSOS POR CONTA DOUTROS ENTES PÚBLICOS: sen operacións.

21º) OPERACIÓNS NON ORZAMENTARIAS DE TESOURERÍA: Presenta información sobre acredores e debedores non orzamentarios e partidas de cobros e pagos pendentes de aplicación definitiva.

22º) CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA. PROCEDEMENTOS DE ADXUDICACIÓN: Información, por tipos de contratos, sobre os importes adxudicados segundo os diferentes procedementos establecidos na normativa vixente sobre contratación.



23º) VALORES RECIBIDOS EN DEPÓSITO: de ser o caso, recóllense os diferentes avais depositados no ente.

24º) INFORMACIÓN ORZAMENTARIA: presenta os seguintes estados:

24.1 – EJERCICIO CORRENTE:

#### GASTOS

ESTADO DE MODIFICACIONES DE CRÉDITO: Presentará as modificacións autorizadas durante o exercicio de acordo co regulado pola IC, cunha suma total de 2.816.885,04 euros.

REMANENTES DE CRÉDITO: presenta de modo diferente a información xa contida no estado de liquidación orzamentaria.

ACREDORES POR OPERACIONES PENDENTES DE APLICAR Ó ORZAMENTO: recóllese a descrición do gasto, aplicación orzamentaria á que se deba imputar, o seu importe e o importe pagado, no seu caso, a 31 de decembro.

#### INGRESOS

PROCESO DE XESTIÓN: Recolle información sobre os dereitos anulados, cancelados e sobre a recadación neta dos ingresos recoñecidos no orzamento presentando de modo diferente a información xa contida no estado de liquidación.

DEVOLUCIÓN DE INGRESOS: recóllese o pendente de pago a 1 de xaneiro, as súas modificacións, as recoñecidas no exercicio, o total de devolucións recoñecidas, as prescricións das mesmas, as pagadas no exercicio e os pendentes de pago.



COMPROMISOS DE INGRESOS: recóllese os incorporados de orzamentos pechados, os realizados no exercicio os realizados e os pendentes de realizar.

#### 24.2 – EXERCICIOS PECHADOS

OBRIGAS DE ORZAMENTOS PECHADOS: para cada ano recóllese o pendente de pago a 1 de xaneiro, as súas modificacións, as recoñecidas no exercicio, o total de devolucións recoñecidas, as prescricións das mesmas, as pagadas no exercicio e os pendentes de pago.

DEREITOS A COBRAR DE ORZAMENTOS PECHADOS: para cada ano recóllese o pendente de pago a 1 de xaneiro, as súas modificacións, os dereitos anulados e o total dos mesmos.

Nunha segunda parte amosa tamén para cada ano os dereitos cancelados por cobro en especie, insolvencias e outras causas e por prescricións; a suma dos mesmos; a súa recadación e os pendentes de cobro a 31 de decembro.

VARIACIÓN DE RESULTADOS ORZAMENTARIOS DE EXERCICIOS ANTERIORES: pon de manifesto as diferencias dos resultados orzamentarios co ano anterior.

#### 24.3 – EXERCICIOS POSTERIORES.

COMPROMISOS DE GASTO CON CARGO A ORZAMENTOS DE EXERCICIOS POSTERIORES: recolle a partida orzamentaria, a súa descrición e os anos á aplicar.

COMPROMISOS DE INGRESO CON CARGO A ORZAMENTOS DE EXERCICIOS POSTERIORES: recolle a partida orzamentaria, a súa



descripción e os anos á aplicar.

24.4. - EXECUCIÓN DE PROXECTOS DE GASTO: entre eles recóllese todos aqueles proxectos de gasto que se levaron a través do módulo do programa contable e que as súas desviacións de financiamento supoñen parte dos axustes que se aplican nas magnitudes do resultado orzamentario e o remanente de tesourería.

24.5 - GASTOS CON FINANCIAMENTO AFECTADO: recolle o código asociado ó gasto, os seus datos xerais, o axente financiador, e as desviacións de financiamento anuais, positivas e negativas e as desviacións de financiamento anuais acumuladas, positivas e negativas.

<b>1. Fondos líquidos na tesourería a final do exercicio..</b>	<b>4.355.805,01</b>
<b>2. Dereitos pendentes de cobro:</b>	
1.1 Do Orzamento corrente.....	2.557.384,41
1.2 De orzamentos pechados.....	11.633.651,70
1.3 De operacións non orzamentarias.....	32.388,88
<b>3. Obrigas pendentes de pago:</b>	
3.1 Do orzamento corrente.....	2.503.184,17
3.2 Dos orzamentos pechados.....	8.604,48
3.3 De operacións non orzamentarias.....	279.071,88
<b>4. Partidas pendentes de aplicación:</b>	
4.1 (-) Cobros realizados pendentes de aplicación definitiva.....	1.830.920,73
4.2 (+) Pagos realizados pendentes de aplicación definitiva.....	-10,40
<b>I. Remanente de Tesourería total.....</b>	<b>13.957.438,33</b>
<b>II. Saldos de dubidoso cobro.....</b>	<b>11.740.108,08</b>
<b>III. Exceso de financiamento afectado.....</b>	<b>364.008,35</b>



**REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS.. +1.853.321,90 €**

**REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL..... +13.957.438,33 €**

25º) INDICADORES FINANCEIROS, PATRIMONIAIS E ORZAMENTARIOS.

26º) INFORMACIÓN SOBRE O CUSTE DAS ACTIVIDADES.

27º) INDICADORES DE XESTIÓN.

28) FEITOS POSTERIORES Ó PECHE: infórmase de feitos ocorridos con posterioridade a data de peche e cuxo coñecemento considerase útil.

#### **CONTAS ANUAIS DE RADIO REDONDELA, S.L.**

A) BALANCE DE SITUACIÓN: Que expresa a composición e situación patrimonial da entidade o día do peche do exercicio; resulta cun total (ACTIVO e PASIVO) de: 18.103,56 euros.

B) CONTA DE RESULTADOS: Que recolle os resultados do exercicio dende o punto de vista económico-patrimonial. Produciuse unha perda de 1.244,84 € (mais gastos que ingresos).

C) ESTADO DE CAMBIO NO PATRIMONIO NETO: Presenta as seguintes cifras:

a) Estado total de cambios no patrimonio neto (capital): sen variacións (3.005,06 €).

b) Saldo axustado, inicio do exercicio 2014: presenta un valor de 722,97 €.

c) Saldo axustado, final do exercicio 2014: presenta unha variación de 722,97 €.

D) ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO: Presenta as seguintes cifras:





a) Aumento/Diminución neta do efectivo ou equivalentes: cunha variación positiva de 4.526,61 €.

b) Efectivo ou equivalentes ó comezo do exercicio: 1.183,63 €

**c) Efectivo ou equivalentes ó final do exercicio: 5.709,84.**

### INTERVENCIÓNS:

A sra. Amoedo Dasilva xustifica o asunto relacionando os trámites seguidos para a aprobación da conta xeral que resulta do TRLFL.

O sr. González Campo o considera un documento relevante, aínda que de natureza técnica, por quedar intimamente relacionado co orzamento ao que queda vinculado. Neste senso, considera, que os datos que resultan da conta evidencia que os obxectivos e previsións do orzamento non se cumpriron o que demostra que o goberno non ten previsión para xestionar os cartos públicos. Non hai política de mocidade para Redondela, nin políticas activas para a terceira idade.

Agora se atopan con partidas orzamentarias esgotadas e outras, principalmente as de natureza social, que non cumpren as expectativas e necesidades da veciñanza e agora pretenden tapar ocos.

O sr. Álvarez Castro recoñece que pese a natureza técnica a conta xeral é unha radiografía da xestión económica do goberno na que, entre outros, se evidencia que esqueceron partidas de carácter social. Presumen da boa xestión dos servizos sociais cando a realidade e que o gasto apenas alcanza o 25% dos orzamentos e a diario se denuncia a saturación estrutural deste servizo.

Refírese ao informe do interventor onde, entre outros, advirte da non utilización dos vales. Por outra banda destaca o feito de que o goberno acude constantemente á contratación a través de procedementos negociados.

Respecto ao crédito asignado á limpeza de edificios xa se advertiú ao goberno de que a previsión inicial era insuficiente para facer fronte aos gastos que resultan deste servizo e agora ten que propor unha modificación, entre outros, por este motivo.

Remata manifestando que o orzamento foi aprobado con nocturnidade e alevosía.

A sra. Amoedo Dasilva considera que a oposición ten memoria selectiva e so



destacan do informe do interventor os datos que lles interesan pero o certo e que o citado informe tamén fala de números que amosan que a facenda local atopase saneada.

Respecto ás partidas adicadas a servizos sociais levan un incremento substancial para evitar que queden sen crédito e ao respecto destaca que non hai ningún expediente de emerxencia social que quedara sen consignación.

Respecto aos orzamentos recorda que a consignación inicial é unha previsión e a súa tramitación é legal. Respecto á nocturnidade sinala que as sesións plenarias se celebran de noite.

A realidade é que o actual goberno leva seis anos xestionando o concello con números positivos, con bos datos económicos , con obtención de subvencións e liquidacións orzamentarias con bos resultados.

O sr. González Campo sinala que os beneficios na contabilidade que resultan da conta obxecto do debate respontan ao catastro. Denuncia o deficiente gasto no eido de turismo. Hai reparos permanentes do interventor e as subvencións de emerxencia social se tramitan consonte a unha ordenanza que non cubre as necesidades reais neste eido.

O sr. Darriba Ferradás manifesta o apoio do seu grupo á aprobación da conta por tratarse dun documento técnico e respostalle a sra. Amoedo que a administración pública non debe perseguir o beneficio económico senón a prestación de servizos.

O sr. Álvarez Castro resposta á sra. Amoedo que no ano 2015. A finais de novembro, xa advertiu que alomenos existía un expediente de emerxencia social paralizado por falta de crédito.

Considera que existe un servizo deficitario cunhas instalación non adaptadas ás necesidades dos usuarios.

A partida para melloras no saneamento son deficitarias e as únicas actuacións se canalizaron a través da Deputación mediante o Plan concellos e non con recursos públicos.

Remata manifestando que o aforro non debe ser o obxectivo do goberno.

A sra. Amoedo Dasilva dirixese ao sr. Álvarez para manifestar que o goberno socialista non contaba con ordenanza reguladora de axudas de emerxencia social. Considera evidente que a administración local non persigue o beneficio económico pero o certo é que unha boa xestión con remanente positivo permite executar obras e realizar gastos que atenden ás necesidades dos veciños.



Respecto ás cuestións suscitadas polo sr. Álvarez sobre o contrato de limpeza de edificios considera que os seus reparos eran por que a grupo socialista non lle gustaba a empresa adxudicataria

Non producíndose máis intervencións ó respecto, pola Alcaldía sométese a votación ordinaria, nominal e a man alzada, a aprobación da conta xeral do concello de Redondela correspondente ao ano 2016

#### VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido o asunto a votación segundo o detalle contido no resumo, apróbase por maioría dos/as concelleiros/as, sendo 19 votos a favor (9 do PP, 6 do PsdeG-PSOE, 4 de AER) e 1 voto en contra (do BNG).\*

## **2.- Aprobación do Expediente de Modificación de Crédito 23/2017.TC11/2017**

#### ANTECEDENTES:

Visto o Ditame da comisión informativa de Economía e Facenda na súa sesión do día 25/09/2017 que di:

*“Que na sesión ordinaria do 25 de setembro de 2017 cos votos a favor do PP, o voto en contra de AER e as abstencións do PSOE, BNG e do concelleiro non adscrito se ditamina favorablemente a seguinte proposta.*

#### **PROPOSTA DA PRESIDENCIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA E FACENDA.**

*Que na actualidade o Orzamento do ano 2017 non está aprobado, estando prorrogado o do ano 2016.*

*Que no mesmo se recollen as previsións dos gastos a realizar polo Excmo. Concello de Redondela en diversos conceptos.*

*A día de hoxe, e debido á necesidade de dar cobertura á dotación orzamentaria para a tramitación dos convenios en cultura e o aumento do importe do contrato de limpeza, vese a necesidade de facer unha modificación orzamentaria para poder dotar do crédito ás aplicacións orzamentarias incluídas dentro da bolsa de vinculación xurídica 3-2, coa*



*finalidade de poder atender os compromisos que poidan xurdir ata o peche do exercicio económico.*

*Visto o disposto nos artigos 179 e 180 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 39/88, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, nos artigos 40 a 42 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo Primeiro do Título VI da Lei 39/88, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, así coma nas Bases de Execución do Orzamento do Excmo. Concello de Redondela para o ano 2016, prorrogado para o ano 2017.*

*Vistos e lidos os antecedentes deste expediente: Memoria de Alcaldía-Presidencia de fecha 21 de setembro: Informe preceptivo da Intervención Municipal (Ref: ASR-21.09.17.2) de data 21 de setembro, constando de sete páxinas cuns antecedentes, lexislación aplicable, sete consideracións e conclusión. Vista a certificación de existencia de crédito 21.09.17.1, de fecha 21 de setembro de 2017.*

*En virtude do que antecede esta Presidencia, propón que a Comisión Informativa de Economía e Facenda eleve ó Concello Pleno a seguinte proposta de acordo:*

**PRIMEIRO.-** *Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos MC 23-17 tc 11-17 por un importe total de **130.000 €** supoñendo que:*

#### **Aplicacións de gasto cuxo crédito se minora**

*4412A/4890100 "Promoción, mantemento e desenvolvemento do transporte / Transporte interurbano" por importe de 40.000,00 €.*

*4412A/4890001 "Promoción, mantemento e desenvolvemento do transporte / Achegas viaxes sociais transporte metropolitano" por importe de 10.000,00 €.*

*4412A/4890000 "Promoción, mantemento e desenvolvemento do transporte / Subvención transporte metropolitano" por importe de 18.877,41 €.*

*4321A/22608 "Ordenación e promoción turística / Actividades organizadas pola Concellería de Turismo" por importe de 35.000,00 €.*



1331A/22109 "Ordenación do tráfico e do estacionamento / Sinalización horizontal" por importe de 26.122,59 €.

**Aplicacións de gastos cuxo crédito se incrementa**

3231A/22700 "Ensino / Traballos de limpeza de edificios, dependencias e espazos", por importe de 39.640,00 €.

3381A/22609 "Festas populares e festexos / Actividades festivas" por importe de 90.360,00 €.

**SEGUNDO.-** Proceder á publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra do anuncio polo que se expoña ao público o expediente e acordo adoptado, facendo constar que por prazo de quince días hábiles os interesados indicados no artigo 22.1 do RD 500/90 do 20 de abril, poderán examinalo e formular as reclamacións as que se refire o apartado 2 do artigo citado.

**TERCEIRO.-** A modificación de crédito considerarase definitivamente aprobada se durante o período de exposición ao público non se presentaran reclamacións, entrando en vigor previa inserción no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra dun resumo por capítulos.

**CUARTO.-** Facultar ao Alcalde-Presidente ou Concelleiro en quen delegue, para levar a cabo todos os trámites necesarios para a consecución deste fin"

**ANTECEDENTES:**

A sra. Amoedo Dasilva xustifica a proposta no seus propios termos.

O sr. González Campo desexa coñecer, de xeito pormenorizados, a qué gastos concretos se destina o crédito que se pretende transferir. Considera que a proposta demostra a falta de transparencia do goberno, xa que soamente fai referencia ao gasto para facer fronte á conmemoración anual da batalla de Rande.

Hai case 40000 euros que se destinan a partida de limpeza de edificios municipais que respostan a unha falta de previsión do goberno e aproveitan este expediente para facer outros movementos menores.



Remata manifestando que unicamente apoiará a proposta se é singularizada para o gasto para facer fronte á conmemoración anual da batalla de Rande.

O alcalde intervén para clarexar que a incorporación de varias partidas a este expediente resposta ás recomendacións técnicas feitas polo interventor e o propio interventor falou cos voceiros dos grupos políticos municipais para explicarlles as cuestións técnicas deste expediente.

O sr. Darriba Ferradás consideran que soamente falan de problemas de crédito para facer fronte aos compromisos adquiridos cos convenios pero considera que os problemas afectan a toda a partida de festexos. O gasto imputado á celebración do carnaval de verán practicamente esgotou o crédito dispoñible a nivel de bolsa de vinculación e agora son incapaces de facer fronte aos que resultan da conmemoración da batalla de Rande na que , ademais, o concello é co-organizador co cal debio anticiparse e reservar o crédito necesario.

O alcalde intervén reitera que son os servizos técnicos os que consellan non singularizar o expediente.

O sr. Álvarez Castro están de acordo en singularizar a modificación á conmemoración da batalla de Rande. Sinala que o documento remitido dende alcaldía para informar este asunto é un “panfleto” carente de todo rigor técnico.

A sra. Amoedo Dasilva recorda que xa no ano 2015, co orzamento prorrogado, a oposición votou a favor dunha modificación de crédito para reforzar a partida destinada á promoción cultural.

(O alcalde chama a orde dúas veces a sra. Rey)

Continúa a sra. Amoedo clarexando que os expedientes de modificación de crédito están previstos na norma para poder axustar o crédito entre partidas nas que no se vai a gastar para doutra outras que non dispoñen de crédito.

Considera que a oposición é responsable de adoptar unha decisión respecto deste expediente xa que é atribución do pleno a súa aprobación. No que respecta ao gasto da batalla de Rande, o concello como co-organizador debe dotar o crédito necesario para facer fronte ao gasto e



isto so pode realizarse co apio deste proposta.

O sr. González Campo manifesta que a palabra do alcalde queda en entredito cando se compromete coa asociación que organiza a conmemoración da batalla de Rande a facer fronte aos gastos e agora queda pendiente do Pleno a súa aprobación.

Engade que é precisamente pola responsabilidade que ostenta polo que votará en contra da proposta que se debate e é a responsabilidade de saber xestionar os cartos públicos e ter un proxecto definido para Redondela para garantir unha xestión eficaz. Insiste en que soamente apoiará a modificación se é singularizada para os gastos da batalla de Rande.

O sr. Darriba Ferradás considera que os servizos técnicos unicamente poderán informar se a proposta é legal ou non pero a xustificación da mesma é unha cuestión de oportunidade que corresponde defender ao goberno non a través dos técnicos. .

Considera que as partidas que se ven incrementadas destinadas a festexos son mínimas tendo en conta o importe total do modificado. Non considera que este expediente sexa un delito pero si unha demostración da falta de previsión do goberno na xestión dos cartos públicos. Os convenios se coñecen dende o principio do ano e a conmemoración da batalla de Rande tamén e agora non dispoñen de crédito para asumir os compromisos adquiridos dos que son coñecedores dende un primer momento..

O sr. Álvarez Castro reitera o manifestado na suas anteriores intervencións.

A sra. Amoedo Dasilva remata o debate manifestando que a oposición non defende os intereses e necesidades dos veciños e veciñas de Redondela e que o seu único obxectivo é estrangular ao goberno. Non hai informe desfavorable do interventor.

Non producíndose máis intervencións ó respecto, pola Alcaldía sométese a votación ordinaria, nominal e a man alzada, a aprobación da proposta de data 25/09/2017 relativa ao expediente de modificación de créditos MC 23/2017 TC 11/17 por un importe total de 130.000 €



**VOTACIÓN E ACORDO:**

Sometido o asunto a votación, a proposta non resulta aprobada por maioría de votos en contra, sendo 11 votos en contra (06 do PSdeG-PSOE, 04 de AER e 01 do BNG) e 09 votos a favor dos concelleiros do GPM do PP.

E non habendo mais asuntos que tratar, sendo as dez horas do día indicado no encabezamento, o alcalde remata a sesión, da que se redacta a presente acta e da que, como secretaria, dou fe.-